

ECONOMÍA. PREZOS E INFLACIÓN

ACTIVIDADE: O ÍNDICE DE PREZOS DE CONSUMO

Os datos necesarios para poder responder as preguntas deste cuestionario están dispoñibles na seguinte ligazón: http://www.ige.eu/estatico/educacion/FEIRA/Feira_2012.htm

1) ¿Que é o IPC? (sinala a resposta correcta)

- É un índice que mide a evolución do conxunto de prezos
- É o imposto sobre a renda das persoas físicas
- É o índice de prezos do sector da construción
- Ningunha das respostas anteriores é correcta

2) Indica se as seguintes afirmacións sobre os números índice son verdadeiras ou falsas


- a. Os números índice non teñen unidades
 Verdadeiro Falso
- b. Permiten estudar a evolución dunha variable ao longo do tempo
 Verdadeiro Falso
- c. Sempre toman valores inferiores a 100
 Verdadeiro Falso

3) Na seguinte táboa móstrase, para Galicia, o valor do IPC para o os meses de marzo de 2011, febreiro de 2012 e marzo de 2012

	2011/marzo	2012/febreiro	2012/marzo
IPC	99,0	100,3	101,0

- a. ¿En que porcentaxe se incrementou o IPC en marzo con respecto ao mes anterior?
- b. ¿Canto se incrementaron os prezos no último ano?

4) Na seguinte gráfica móstrase a variación interanual do IPC en Galicia e España



¿Son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións?

- a. En marzo, os prezos baixaron respecto ao mes de marzo de 2011
 Verdadeiro Falso
- b. No último ano, os prezos subiron máis en Galicia que en España
 Verdadeiro Falso
- c. En marzo o IPC en Galicia subiu aproximadamente un 2% respecto a marzo de 2011
 Verdadeiro Falso
- d. No último mes o IPC incrementouse en España un 2%
 Verdadeiro Falso